

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 18 DE SETEMBRO DE 2017

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Ribadumia sendo as catorce horas e trinta minutos do día dezoito de setembro de dous mil dezasete, reúnense baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. David J. Castro Mougán, os Tenentes de Alcalde D. J. Enrique Oubiña Lago; D^a M^a del Mar Rey Pérez; D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso; e D. José Ramón González Ledo; ós efectos de celebra-la sesión da Xunta de Goberno convocada.-

Actúa como Secretaria Dna. M^a Dolores Franco Mateo.

Aberta a sesión, pasouse a considera-los asuntos incluídos na orde do día.-

1º.- APROBACIÓN DE PROXECTO DA OBRA DE "REFORMA, AMPLIACIÓN DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS E URBANIZACIÓN DO CONXUNTO EN BARRANTES".-

Visto que a Xunta de Goberno Local en sesión de 11 de setembro de 2017 acordou realizar a actuación denominada "Reforma, ampliación de equipamentos públicos e urbanización do conxunto en Barrantes", cuxo importe ascende á cantidade de 1.456.265,38 euros, e solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 1.165.012,30 € (equivalente ó 80% do custo da actuación), con cargo ó Plan de Investimentos en Equipamentos e Dotacións Singulares na mellora do reequilibrio territorial dos servizos en concellos de menos de 20.000 habitantes realizada pola Deputación Provincial de Pontevedra (B.O.P nº 156 de 16/08/17).

Dase conta do proxecto técnico redactado para a obra denominada "Reforma, ampliación de equipamentos públicos e urbanización do conxunto en Barrantes", redactado por D. Jesús M^a Dieguez Pazos, e que ascende a un importe total de 1.456.265,38 euros (IVE engadido).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar **aprobación ó proxecto** da obra de "**REFORMA, AMPLIACIÓN DE EQUIPAMENTOS PÚBLICOS E URBANIZACIÓN DO CONXUNTO EN BARRANTES**", redactado por D. Jesús M^a Dieguez Pazos, por importe total de 1.456.265,38 euros.

E non habendo máis asuntos que tratar, se levanta a sesión sendo as catorce horas e cincuenta minutos, de todo o cal, eu como Secretaria, dou fe.-